

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025301	IES Arcebispo Xelmírez II	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Psicoloxía	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21

1. Introducción

Esta programación didáctica desenvolve a materia de PSICOLOXÍA para o 2º curso de Bacharelato tendo como referencia o DECRETO 157/2022, do 15 de setembro, onde se define o curriculum do Bacharelato na CCAA de Galicia. Na elaboración das unidades didácticas tívose en conta en primeiro lugar a especificidade da PSICOLOXÍA como unha materia de especial valor para completar a formación filosófica neste nivel do bacharelato. A Psicoloxía é unha rama do saber cuxa finalidade esencial é tanto a comprensión da propia individualidade como das condutas sociais e a súa interrelación. Desde uns antecedentes históricos afastados, moi ligados ao desenvolvemento do saber filosófico, a Psicoloxía evolucionou cun cariz, en certo xeito, bifronte. Por unha banda, ten unha indubidable filiación humanística; por outra parte, a súa temática busca regularidades e explicacións científicas. Con estas características distintivas, polo seu obxecto de estudo e a súa metodoloxía, a Psicoloxía pódese considerar unha disciplina moi interesante para o alumnado de segundo de bacharelato, cunha indubidable vertente práctica, na medida en que o axudará a coñecerse mellor como individuo, a desenvolverse como persoa e, ao tempo, a afrontar os diversos problemas e retos que a convivencia suscita. Deste xeito, faise visible na súa capacidade de relación con outros saberes, sinaladamente coa bioloxía, a socioloxía, a química e, desde logo, a filosofía. O significativo carácter dual da Psicoloxía pode axudar a desenvolver e adquirir de xeito especial as seguintes competencias clave: as vencelladas á competencia persoal, social e de aprender a aprender, a competencia cidadá e a competencia en conciencia e expresións culturais, así como a competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría. Trátase, xa que logo, dunha materia que, dada a súa riqueza de contidos e amplitude de horizontes, se pode converter en paradigmática para a adquisición da maior parte das competencias clave.

A Psicoloxía é, por outra banda, unha disciplina que contribúe ao desenvolvemento dalgúns elementos transversais do currículo, posto que axuda ao coñecemento das propias emocións e porque traballa o contido transversal referente á educación para a convivencia e o respecto nas relacións interpersoais, a competencia emocional, a autoestima e o autoconcepto como elementos necesarios para o adecuado desenvolvemento persoal, así como o rexeitamento e a prevención de situacións de acoso escolar, discriminación ou maltrato. Así mesmo, pode axudar a acadar a promoción do benestar, a seguridade e a protección de todos os membros da comunidade educativa. De xeito sinalado, a materia pode contribuír a desenvolver os valores e as actuacións necesarias para o impulso da igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, así como o recoñecemento da contribución de ambos os sexos ao desenvolvemento da nosa sociedade, por canto a psicoloxía estuda, desde o respecto á diversidade, a variedade de comportamentos humanos dependentes de distintos padróns físicos, biolóxicos e/ou culturais.

Outro aspecto tido en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación se desenvolve no IES XELMIREZ II de Santiago de Compostela. Os CEIPs adscritos son o Arquitecto Casas Novoa, o Apóstolo Santiago, compartido co IES de Sar, o de Vite, o CEIP de prácticas López Ferreiro, compartido co IES Xelmírez I, e o CEIP Plurilingüe Monte dos Postes, compartido co IES Antonio Fraguas. No 1º curso de Bacharelato, o alumnado procede, ademais do propio centro, de tres centros adscritos: do IES de Oroso, do CPI de Bembibre (Val do Dubra) e do CPI Viaño Pequeno (Trazo). Recibir alumnado de catro concellos distintos singularízanos en Santiago, e implica unha diversidade que enriquece a convivencia no centro. Sen embargo supón para o alumnado unha dificultade engadida para os desprazamentos, por non haber moitas alternativas de transporte público. Nos últimos anos o crecemento poboacional na zona norte de Santiago determinou un incremento no número do alumnado, e un cambio no seu perfil sociocultural, que está a elevarse. O nivel socioeconómico dominante é o de clase media. Entre as familias con menos recursos o impacto da crise iniciada hai dez anos elevou as taxas de paro e diminuíu os seus recursos. As crises económicas dos últimos anos están a ter tamén un forte impacto que debe ser tido en conta no deseño das actividades do centro. No centro está escolarizado alumnado de minorías étnicas, con predominio da xitana. Se ben representan un modesto 2,03 % do total da matrícula, concéntranse en 1º e 2º ESO (poucos superan ese nivel) e presentan problemas académicos e con frecuencia de conduta derivados da súa falta de expectativas escolares. En tódolos casos o Departamento de Orientación establece estratexias para concienciar o alumnado e as súas familias da necesidade de acadar unha titulación e poder aumentar as súas expectativas sociais e laborais. Nos últimos anos elevouse o número de alumnado inmigrante. No curso 22-23 había 29 alumnos de nacionalidade estranxeira (4,9% do total, a maioría latinoamericanos) aos que hai que sumar 18 alumnos de nacionalidade española pero nados e criados no estranxeiro, polo que son susceptibles de sentiren o mesmo desarraigo e as mesmas dificultades académicas. Estes 47 alumnos representan case o 8% do total, e son obxecto de especial atención.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Entender e valorar a especificidade da psicoloxía como saber científico e metodolóxico, diferenciando as súas facetas teórica e práctica, identificando as súas áreas de aplicación, e recoñecendo o seu carácter unitario entre a enorme variedade de intereses, teorías e escolas que a conforman desde as súas orixes, para xustificar a pertinencia do seu estudo á hora de dar conta da conduta e dos procesos mentais que nos caracterizan como individuos e como humanos.	1-2		1		11-31	1		
OBX2 - Tomar conciencia das bases fisiolóxicas que posibilitan e determinan o noso comportamento e os nosos procesos mentais, e identificar os distintos niveis desa determinación (o xenético, o celular, o anatómico ou o químico) e as estruturas e funcións deses elementos fisiolóxicos, ademais de participar de xeito dialóxico, respectuoso e argumentado, en debates sobre as implicacións éticas, sociais e políticas do grao da devandita determinación en temas como as diferenzas comportamentais entre sexos ou os avances tecnolóxicos na manipulación do xenoma, para afondar e entender con maior criterio o comportamento propio e o dos demais, e para formarse unha opinión propia, reflexiva e fundamentada sobre temas que conforman o panorama de retos que nos presenta este século.	1-2-3-5		1-2-4	1-2-3	40	1-3	2	
OBX3 - Coñecer, distinguir e apreciar a importancia para nosa adaptación ao medio e para a supervivencia dos procesos cognitivos básicos, percepción, atención e memoria, así como a súa interrelación no psiquismo humano, estudando os seus aspectos fundamentais para expresar, comprender e interpretar desde distintas fontes de información, de maneira científica, os devanditos procesos que lle permitirán comprender as bases dos procesos psíquicos superiores, e ser capaz de aplicar as consecuencias do estudo ás súas características persoais.	1-2-3	3	1-2-4	1	20	1		31-41
OBX4 - Definir os procesos cognitivos superiores, analizando que é a psicoloxía cognitiva e, dentro desta, estudando a aprendizaxe, a intelixencia e o pensamento, para comprender como estes procesos nos permiten elaborar a información e acadar unha mellor adaptación ao entorno.	1-2	1	1-2-4	1	40-50	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Comprender como a motivación, a afectividade e a personalidade, así como os diferentes trastornos e mesmo frustracións, contribúen a desenvolver, alterar e construír ao ser humano, coa finalidade de tomar conciencia, con sentido crítico, das habilidades sociais necesarias para adquirir un posicionamento propio ante a realidade e os demais.	1-5	1	2-4	1	11-12-20-31	2-3		
OBX6 - Comprender a perspectiva psicosocial do ser humano atendendo á articulación e interacción entre os procesos individuais e os procesos sociais, axudando a entender e explicar a importancia do contexto social no comportamento do ser humano, coa finalidade de aprender a pensar de maneira crítica sobre as condutas cotiás e valorando como nos vemos a nós mesmos e como afectamos e nos afectan nas relacións cos demais.	5		1-2-4	1	20-31-32	2-4	3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UD1.A psicoloxía como ciencia. Dimensión teórica e práctica desde os orixes. Teorías e métodos (B1).	Introducirmos na especificidade e importancia do coñecemento psicolóxico apreciando dende una visión histórica as pretensións de constituirse en ciencia, identificando neste proceso a dimensión teórica e práctica, obxectivos, características, ramas e técnicas, así como as achegas máis importantes.	17	20	X		
2	UD2. A conduta. Fundamentos biolóxicos (B2).	Abordar dende unha perspectiva biolóxica os fundamentos do proceso psicolóxico destacando o papel do impulso neuroeléctrico co sistema neural, a organización do sistema nervioso central, valorando ao mesmo tempo a importancia das técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico. Deste xeito, poderemos comprender a influencia dos neurotransmisores sobre o cerebro, así como a importancia neste proceso do sistema endocrino, implicados ambos nas reaccións comportamentais, e as bases	16	18	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	UD2. A conduta. Fundamentos biolóxicos (B2).	fisiolóxicas que determinan a conduta. Esta importancia da visión biolóxica e fisiolóxica da conduta debe permitir, en todo caso, desenvolver unha interpretación máis ampla como é a propia da filosofía destacando o protagonismo do entendemento e a razón.	16	18	X		
3	UD3. Procesos cognitivos básicos Percepción, atención e memoria (B3).	Análisis dos procesos cognitivos máis básicos que permiten a conexión e información da mente humana tanto co interior como co exterior ou realidade. Sensación e percepción permiten comprender a súa importancia para a gnoseoloxía filosófica crítica e comprensiva, abordando os problemas e implicacións tanto a nivel psicolóxico como epistemolóxico. Destacamos o funcionamento da sensación e a súa influencia na organización da percepción, as constancias perceptivas, as súas teorías, a percepción extrasensorial e as ilusións. De seguido a investigación da atención e memoria, conectados e relacionados cos anteriores, entendidos como procesos decisivos para comprender a nosa estrutura psíquica persoal. A atención e os seus tipos, a memoria e o seu funcionamento, os rexistros, os tipos e teorías, así como os trastornos e, para finalizar, a caracterización do esquecemento, completarán esta Unidade.	17	20		X	
4	UD4. Procesos cognitivos superiores. Aprendizaxe, intelixencia e pensamento (B4).	Esta UD introdúcenos nos procesos cognitivos superiores destacando a súa relación coas habilidades cognitivas. En primeiro lugar, analizaremos a aprendizaxe e os principais factores que inflúen nela dende as distintas visións proxectadas polas teorías conductista, cognitivista e constructivista. Por outra, a intelixencia é considerada como o máis relevante dos procesos cognitivos psicolóxicos, aspecto que esixe profundizar na súa caracterización, destacando aquí as habilidades cognitivas, e advertindo en todo caso a problemática sobre a posibilidade ou non da súa cuantificación e medición. Este proceso remata coa presentación dos principais métodos. Para completar os PCS, analizaremos, esta vez dende a perspectiva psicolóxica, o pensamento deténdonos nas súas características e tipos.	17	20		X	
5	UD5. A construción do ser humano. A Motivación e a construción do ser humano .A	Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos (cos	17	19			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	personalidade e afectividade. (B5)	PCB e PCS), os presupostos teóricos que a fundamentan, limitacións e conflitos que se producen no seu desenvolvemento, e a causalidade que conduce á frustración. Complétase coa personalidade e a afectividade, o análise das emocións e a súa relación cos PCS. Deste xeito, comezaremos polas influencias xenéticas, ambientais e culturais que permiten, dende unha comprensión ampla, a definición da personalidade. Destacar os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a axeitada evolución da personalidade, as teorías, a súa complexidade e o aspecto multifactorial que se reflexa na variedade de trastornos, as distintas perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo. Por último, comprender a importancia da afectividade, os seus tipos, así como o protagonismo da sexualidade para o desenvolvemento e maduración persoal.	17	19			X
6	UD6. Psicología social (B6)	Con esta UD sobre psicoloxía social completamos e finalizamos os bloques da materia. Centramos o interese nos procesos psicosociais intrapsíquicos e interpersoais que interactúan entre o persoal-individual e o social-colectivo que caracterizan a comprensión da nosa identidade e a interpersoal. Dende esta proxección temos que adentrarnos no funcionamento dos grupos analizando os distintos estereotipos e os prexuízos, así como as condutas prosociais e antisociais tanto dos individuos como dos grupos humanos. E, para finalizar, analizar os distintos estereotipos e prexuízos nas relacións intergrupais e a deriva cara a polarización grupal.	16	19			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UD1.A psicoloxía como ciencia. Dimensión teórica e práctica desde os orixes. Teorías e métodos (B1).	20

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Entender e apreciar a especificidade e a importancia do coñecemento psicolóxico, como ciencia que trata da conduta e os procesos mentais do individuo, valorando que se trata dun saber e unha actitude que estimula a crítica, a autonomía, a investigación e a innovación.	Introducción e caracterización do saber psicolóxico engadindo o obxecto propio da Psicoloxía. A relación da Psicoloxía con outros saberes. Achegamento básico ás facetas teórica e práctica da Psicoloxía, e áreas de aplicación, así como análise dos obxectivos que caracterizan a Psicoloxía.	PE	100
CA1.2 - Identificar a dimensión teórica e práctica da psicoloxía, os seus obxectivos, as súas características e as súas ramas e técnicas de investigación, relacionándoas, como ciencia multidisciplinar, con outras ciencias cuxo fin é a comprensión dos fenómenos humanos, como a filosofía, a bioloxía, a antropoloxía, a economía, entre outras.	Teorías psicolóxicas e os métodos de investigación como o proceder inductivo, a descripción, observación naturalista, estudo de casos, enquisas, métodos correlacionais, método experimental, grupos e mostras. Caracterización e etapas, e a aplicación a través de exemplos e actividades.		
CA1.3 - Recoñecer e expresar as achegas máis importantes da psicoloxía, desde os seus inicios ata a actualidade, identificando os principais problemas formulados e as solucións achegadas polas correntes psicolóxicas contemporáneas, e realizando unha análise crítica de textos significativos e breves de contido psicolóxico, identificando as problemáticas formuladas e relacionándoas co estudado na unidade.	O desenvolvemento histórico da Psicoloxía que permita comprender tanto a Psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX como, e sobre todo, a constitución da Psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX ata principios do século XX.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O saber psicolóxico. - Obxecto propio da psicoloxía. A psicoloxía e outros saberes. - Facetas teórica e práctica da psicoloxía, e áreas de aplicación. - Obxectivos que caracterizan a psicoloxía. - O desenvolvemento histórico da psicoloxía. - A psicoloxía desde as súas orixes en Grecia ata o século XIX. - A constitución da psicoloxía como ciencia desde finais do século XIX a principios do século XX. - As distintas teorías psicolóxicas. - Os métodos de investigación en psicoloxía. - O método científico. - A descrición: observación naturalista, estudo de casos, enquisas. - A investigación correlacional. Correlación e causalidade. - O método experimental: variables, grupos e mostras.

UD	Título da UD	Duración
2	UD2. A conduta. Fundamentos biolóxicos (B2).	18

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar as células neuronais, a súa estrutura e as funcións das súas partes, mediante esquemas e imaxes, apreciando o papel básico que o impulso neuroeléctrico desempeña como unidade fundamental da que está composto todo proceso psicolóxico, e estimando o papel que xogan no mantemento do sistema neural as células gliais.	Análise dos fundamentos biolóxicos da conduta. Inclúe a neurona e a súa estrutura así como o impulso neuroeléctrico e a sinapse. Destacar a importancia das células gliais.	PE	100
CA2.2 - Analizar e apreciar a importancia da organización do sistema nervioso central, fundamentalmente do encéfalo humano, recopilando información de fontes fiables, sintetizándoa de xeito rigoroso, e producindo, de xeito colaborativo e co uso de ferramentas TIC, distintos esquemas e traballos de investigación nos que se distingan as localizacións e as funcións das estruturas que o compoñen e determinan a conduta dos individuos.	Análise e caracterización do sistema nervioso co achegamento á estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes.		
CA2.3 - Entender e valorar as técnicas actuais de investigación do cerebro e o seu impacto no avance científico acerca da explicación da conduta e na superación dalgúns trastornos e dalgunhas doenzas mentais.	Comprobar o significado e avance para a psicoloxía das novas técnicas de imaxe no coñecemento do cerebro e do encéfalo.		
CA2.4 - Distinguir a importancia do sistema nervioso periférico como interfaz necesaria na comunicación entre o encéfalo e o resto do organismo, resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais.	Analizar o sistema nervioso periférico como interfaz resaltando o papel central do sistema nervioso autónomo na regulación automática e inconsciente das actividades vitais do organismo e dos cambios fisiolóxicos que acompañan aos distintos estados emocionais.		
CA2.5 - Investigar e resumir a influencia dos distintos neurotransmisores sobre o cerebro, xunto coa relación que gardan os distintos órganos encefálicos co sistema endócrino, comparando así os modos distintivos que teñen as hormonas e os neurotransmisores de preparar ao corpo para todo tipo de reaccións comportamentais.	O sistema nervioso periférico cos distintos neurotransmisores. O sistema endócrino cun achegamento básico ao coñecemento das glándulas, hormonas e conduta.		
CA2.6 - Comprender e recoñecer algunhas das bases fisiolóxicas que determinan a conduta humana, mediante a participación nun debate onde se expoñan e analicen de xeito argumentado e crítico as posturas ao respecto das limitacións que estas bases (xenéticas, hormonais, e outras) imponen á liberdade humana en temas tan centrais na nosa visión do ser humano como as diferenzas comportamentais entre sexos, a identidade persoal, o uso de sustancias psicoactivas, ou a capacidade científico-técnica de alterar o xenoma humano	A relación da xenética e conduta e o estudo da influencia da xenética na conduta, coas enfermidades e repercusións mentais e condutuais. As diferenzas psicolóxicas e o papel das hormonas. O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica. Breve referencia ás teses da Psicoloxía evolucionista.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A neurona. - A estrutura da neurona. - O impulso neuroeléctrico e a sinapse. - As células glias. - O sistema nervioso. - Estrutura do sistema nervioso central e función das distintas partes. - As novas técnicas de imaxe e os avances no coñecemento do encéfalo. - O sistema nervioso periférico. - A química da mente. - Os distintos neurotransmisores. - O sistema endócrino: glándulas, hormonas e conduta. - Xenética e conduta. - O xenoma humano. - O estudo da influencia da xenética na conduta. - Enfermidades xenéticas con repercusións mentais e condutuais. - Implicacións sociais dos avances tecnolóxicos en xenética. - Bases fisiolóxicas das diferenzas condutuais entre sexos. - As diferenzas psicolóxicas transculturais. - O papel das hormonas. - O debate sobre as diferenzas na estrutura encefálica. - As teses da psicoloxía evolucionista. - As críticas ao enfoque bioloxicista das diferenzas de xénero.

UD	Título da UD	Duración
3	UD3. Procesos cognitivos básicos Percepción, atención e memoria (B3).	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender, distinguir e relacionar a sensación e a percepción como procesos cognitivos básicos da información, e analizar en profundidade a percepción identificando a súa importancia para dar significado ao mundo exterior e interior do ser humano.	Introducir con precisión e comprender a definición e caracterización da Sensación e percepción explicando o proceso do seu funcionamento e a relación entre ambas. A organización da percepción e constancias perceptivas. A problemática das leis da percepción de obxectos dende as propostas da Gestalt.	PE	100
CA3.2 - Apreciar na percepción a capacidade para xerar nas alumnas e nos alumnos un sentido estético de achegamento á realidade, e impulsar a súa creatividade artística.	Comprender percepción extrasensorial e as ilusións perceptivas. Definición e características da percepción subliminar. Poderá ser traballado tamén a través de actividades de deseño e creatividade.		
CA3 3 - Distinguir e relacionar a atención e a percepción, así como coñecer e identificar os distintos tipos de atención e os trastornos asociados á mesma, analizando os seus trazos fundamentais para poder aplicar o coñecido á nosa estrutura psíquica persoal.	Distinguir, identificar, definir e relacionar a definición, caracterización e teorías sobre a atención e a percepción, os distintos tipos de atención, os trastornos asociados á mesma, e os seus trazos fundamentais.		
CA3.4 - Relacionar a atención e a memoria e enunciar os principios básicos da mesma, a través de distintos rexistros sensoriais, analizándoa brevemente a través de distintas teorías, e estudando os tipos de memoria e o esquecemento para aplicar o seu coñecemento ás nosas capacidades e poder melloralas.	Comprender, definir e relacionar a atención e a memoria, os principios, rexistros sensoriais, tipos e teorías, plantexando a importancia das nosas capacidades.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Sensación e percepción. Definición e relación. - Organización da percepción e constancias perceptivas. - A percepción de obxectos, do movemento e da profundidade. A Gestalt. - A percepción extrasensorial. As ilusións perceptivas. A percepción subliminar. - Percepción e atención. - Tipos de atención. - Trastornos da atención. - A memoria. Memoria e atención. - Rexistros sensoriais: visual, auditivo e táctil. - Breve aproximación ás teorías sobre a memoria. - A memoria como proceso psicolóxico: codificación, almacenamento e recuperación. - Tipos de memoria. - Memoria a curto prazo ,memoria operativa e memoria a longo prazo.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Memoria episódica, semántica e procedemental. - O esquecemento: factores que interveñen. - Métodos para mellorar o recordo.

UD	Título da UD	Duración
4	UD4. Procesos cognitivos superiores. Aprendizaxe, intelixencia e pensamento (B4).	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Definir que son os procesos cognitivos superiores, incidindo na súa relación coas habilidades cognitivas.	Definir e caracterizar os procesos e habilidades cognitivas superiores: Aprendizaxe, intelixencia e pensamento.	PE	100
CA4.2 - Explicar en que consiste a aprendizaxe, estudando os principais factores que inflúen nela e as teorías máis importantes.	Coñecer a aprendizaxe, os actores que inflúen na mesma e as principais teorías. Destacar o condutismo e o condicionamento na publicidade, así como o cognitivismo, construtivismo e os tipos de aprendizaxe.		
CA4.3 - Expoñer que é a intelixencia, explicando os modelos de intelixencia máis relevantes.	Definir e caracterizar a intelixencia a través dos distintos modelos distinguindo con precisión as fases do seu desenvolvemento, completando coa problematización da súa medición e o coeficiente intelectual.		
CA4.4 - Analizar o pensamento desde un punto de vista psicolóxico, explicando os seus tipos.	Definir e analizar o pensamento, as súas características e os tipos de pensamento segundo a Psicoloxía destacando a súa proxección nos distintos ámbitos do saber.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición de procesos cognitivos superiores. - As habilidades cognitivas. - A aprendizaxe. Factores que inflúen na aprendizaxe e teorías da aprendizaxe. - O condutismo e o condicionamento na publicidade, o cognitivismo, e o construtivismo. - Tipos de aprendizaxe. - A intelixencia.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Modelos de intelixencia. - Fases do desenvolvemento da intelixencia. - A medición da intelixencia e o coeficiente intelectual. - O Pensamento. Características e tipos de pensamento segundo a psicoloxía.

UD	Título da UD	Duración
5	UD5. A construción do ser humano. A Motivación e a construción do ser humano .A personalidade e afectividade.(B5)	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar e valorar a importancia da motivación, a súa clasificación e a súa relación con outros procesos cognitivos, desenvolvendo os supostos teóricos que a explican, e analizando as deficiencias e os conflitos que no seu desenvolvemento conducen á frustración.	Analizar a motivación, as principais teorías e os logros no ámbito educativo e profesional, así como a frustración e as súas causas.	PE	100
CA5.2 - Comprender que é a personalidade, analizando as influencias xenéticas, ambientais e culturais sobre as que se edifica, as teorías que a estudan e os factores motivacionais, afectivos e cognitivos necesarios para a súa axeitada evolución, en cada fase do seu desenvolvemento.	Coñecer a personalidade no proceso de construción da identidade humana, as teorías sobre a personalidade, as fases e os métodos de avaliación, a consciencia e a inconsciencia, a identidade e a autoestima.		
CA5.3 - Entender a complexidade de definir o que é un trastorno mental, describindo algúns dos factores xenéticos, ambientais e evolutivos implicados, co fin de comprender as perspectivas psicopatolóxicas e os seus métodos de estudo.	Coñecer e caracterizar as alteracións da conciencia e da personalidade, así como a psicopatoloxía e trastornos da personalidade.		
CA5.4 - Recoñecer e valorar os tipos de afectos, así como a orixe dalgúns trastornos emocionais, co obxecto de espertar o interese do alumnado polo desenvolvemento persoal desta capacidade.	Definir e analizar as teorías sobre a afectividade, as emocións e os trastornos.		
CA5.5 - Coñecer a importancia que na maduración da persoa teñen as relacións afectivas e sexuais, analizando criticamente os seus aspectos fundamentais.	Coñecer e destacar a importancia da afectividade e sexualidade na conformación da personalidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A motivación. - Teorías sobre a motivación. - Motivación e logros no ámbito educativo e profesional.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A frustración e as súas causas. - A personalidade. - Teorías sobre a personalidade. - Fases da personalidade. - Métodos de avaliación da personalidade. - Consciencia e inconsciencia. - Identidade e autoestima. - Alteracións da conciencia e da personalidade. - Psicopatoloxía e trastornos da personalidade. - A afectividade. - Teorías sobre a afectividade. - As emocións e os trastornos. - Afectividade e sexualidade.

UD	Título da UD	Duración
6	UD6. Psicoloxía social (B6)	19

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Identificar, describir e explicar os procesos psicosociais que teñen lugar tanto no plano intrapsíquico como no interpersonal e no colectivo que inflúen no que pensamos de nós mesmos e dos demais, das nosas actitudes, das atribucións que facemos sobre os demais, para comprender mellor a nosa identidade e a dos demais.	Definir e describir o significado e caracterización da cognición social, a conformación do eu social: autoconcepción e identidade, e percepción e atribución social.	PE	100
CA6.2 - Determinar no eido interpersonal os factores psicosociais que inciden na conformidade e a obediencia á autoridade e dentro dos grupos, a atracción interpersonal, as condutas prosociais e antisociais dos individuos e dos grupos humanos, levando a cabo esta determinación dun xeito colaborativo dentro da aula.	Delimitar os rasgos de influencia social, os elementos que motivan a conformidade e a obediencia e os comportamentos prosociais e antisociais. Este criterio pode realizarse por escrito nas probas oficiais como a través de actividades grupais colaborativas na aula.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.3 - Coñecer os principios psicosociais do funcionamento dos grupos, analizando os estereotipos e os prexuízos, os estereotipos de xénero, o conflito, a cohesión, e a polarización grupal para comprender o nosos comportamentos e pensamentos na vida cotiá.	Analizar os elementos que influen no comportamento dos grupos, a influencia do líder, o impacto emocional das redes, os procesos e o comportamento interpersoal, as relacións intergrupais, os estereotipos e prexuízos e analizar o conflito, cohesión, cooperación e polarización grupal.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A cognición social. - O eu social: autoconcepto e identidade. - Percepción e atribución social. - Influencia social. - Conformidade e obediencia. Influencia do líder. - Impacto emocional das redes sociais. - Actitudes e cambio de actitudes. - Procesos de persuasión. - Comportamento interpersoal. - A atracción interpersoal. - Comportamentos prosociais e antisociais. - Relacións intergrupais. - Estereotipos e prexuízos. Estereotipos de xénero. - Conflito, cohesión e cooperación. - Psicología dos grupos: a polarización grupal.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Principais liñas metodolóxicas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe:

- Emprego de metodoloxías activas que procuren un «saber facer» que conecte coas habilidades prácticas.
- Uso de estratexias para traballar o carácter transversal e práctico, empregando no proceso de ensino e aprendizaxe de xeito asiduo as tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a recursos virtuais.
- Uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmo e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, que reforzan a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento, e que permitan, en suma, abordar un tratamento integrado das competencias, facendo realidade palpable a construción colaborativa do coñecemento.
- A elaboración de tarefas ou situacións-problema, suscitadas cun obxectivo concreto, para resolvelas facendo un uso adecuado de distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- A incentivación dun afán de indagación e necesidade de novos coñecementos a través da capacidade de xeración de curiosidade.
- O uso de estratexias para traballar o carácter transversal e práctico, empregando no proceso de ensino e aprendizaxe de xeito asiduo as tecnoloxías da información e da comunicación, que permiten o acceso a recursos virtuais.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
APUNTAMENTOS E DEMAIS RECURSOS

APUNTAMENTOS DA MATERIA E DEMAIS RECURSOS

Os apuntamentos proporcionados polo docente serán o material de referencia, consulta e traballo permanente dos contidos da materia. Engádense, ademáis, como materiais imprescindibles para o desenvolvemento da materia, as explicacións, aclaracións, enriquecemento, e práctica de actividades que se impartan na clase ao longo do trimestre. Non se recolle, pois, manual.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realízase a proba de coñecementos iniciais na primeira semana lectiva do curso.

Esta proba de coñecementos iniciais terá carácter cualitativo ao tratarse dunha materia nova.

Os resultados desta proba terán o valor de avaliar o interese, traballo, e adicación do alumnado, pero especialmente poder detectar posibles necesidades na aprendizaxe esixida para o desenvolvemento das competencias propias desta materia. Cando así se considere será comunicada á titoría.

Esta proba constará de:

1. Definición e caracterización inicial (dominio de cultura xeral) dunha serie de conceptos que permitan advertir o punto de partida da comprensión e dominio básico do que parte o alumnado.
2. Solución inicial de varios problemas relacionados coas distintas vertentes da psicoloxía que estimulen a creatividade e intuición de posibles respostas que o alumnado poidera adiantar. Posta en común en clase.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	17	16	17	17	17	16	100
Proba escrita	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Recóllense os seguintes procedementos:

1º) A realización dun test que recolla as principais cuestións esixidas para a avaliación nos respectivos criterios e estándares de aprendizaxe. Este procedemento está pensado –sobre todo, aínda que non exclusivamente– para a obtención de datos sobre o logro e adquisición e identificación precisa dos contidos en resposta aos estándares de aprendizaxe actitudinais e procedementais esixidos para esta materia.

2º) A capacidade de traballo, creatividade, lectura comprensiva, capacidade de análise, dominio, manexo conceptual e argumentación no exercicio escrito das actividades ou traballos expositivos de clase. Este segundo procedemento está pensado para a obtención de datos sobre a capacidade de aprender a aprender e a competencia social e cidadá que lle poidan permitir ao alumnado avanzar e forxar ideas propias dende o análise e espírito crítico sobre as principais cuestións da psioxía.

3º) Lectura voluntaria. Esta lectura voluntaria trata de afondar nas competencias adquiridas nos anteriores procedementos motivando ao alumnado na profundización de temáticas que considere de especial interese para súa formación persoal ou profesional futura.

DESCRIPCIÓN E CUANTIFICACIÓN DE CADA UN DOS ELEMENTOS DE CUALIFICACIÓN POR TRIMESTRE

- **TEST** (80% da nota do trimestre). Consta de 40 cuestións. Cada cuestión correcta 0,20 puntos (0,20p X 40 = 8 puntos). Restan os erros na seguinte proporción: Cada resposta incorrecta restará 0,10 puntos hasta un máximo de penalización de 1,00 puntos (10 respostas incorrectas). Este test realizarase nun tempo máximo de 50 minutos (1 sesión). Poderase empregar para a súa realización os apuntamentos do trimestre e as anotacións, aclaracións e profundizacións recollidas na clase ao longo do trimestre. Non se permitirá o intercambio de materiais, anotacións, ou calquer outra referencia escrita entre o alumnado durante a realización do test.

- **ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE** (20% da nota do trimestre). Total 2 puntos. O/A docente pode optar pola realización de Actividades ou traballos de clase (no número e reparto de nota que considere oportuno en cada trimestre). En todo caso, a cuantificación total da nota por trimestre neste procedemento non poderá superar o 20 por 100 (2 puntos máximo) marcado. A tipoloxía, alternancia e definición das actividades e traballos en cada trimestre será decidida polo/a docente. As actividades realizadas na clase ao longo do trimestre poderanse realizar nunha ou, se fose o caso, varias sesións. Non se poderá empregar os apuntamentos para a realización das actividades de clase.

- **LECTURA VOLUNTARIA** (Mellora de nota ate 1 punto). O alumnado poderá optar pola lectura dunha obra recomendada (completa ou por capítulos seleccionados polo/a docente) en cada un dos trimestres. Desta lectura realizarase unha proba (na forma, estrutura e extensión que definirá o/a docente) e que será cuantificada nun máximo de ate 1 punto, que será sumada á nota acadada nos procedementos e instrumentos anteriores. O profesorado proporcionará unha listaxe de lecturas recomendadas. En todo caso, o alumnado poderá elixir outra obra que deberá ser comunicada e validada polo docente.

NOTA FINAL DA MATERIA. A nota final da materia (avaliación ordinaria) resultará de realizar a media ponderada das cualificacións obtidas nas distintas avaliacións, ou no seu caso das recuperacións, efectuadas durante o curso. Para o alumnado que teña que presentarse á Proba final con toda a materia, a nota acadada será o 100% da nota da materia.

PROBAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

1ª AVALIACIÓN

Forma: TEST (8 puntos) + ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE (2 puntos) + LECTURA VOLUNTARIA (Mellora 1 punto)

RECUPERACIÓN DA 1ª AVALIACIÓN

(mesma forma, instrumentos e cuantificación que a avaliación)

2ª AVALIACIÓN

Forma: TEST (8 puntos) + ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE (2 puntos) + LECTURA VOLUNTARIA (Mellora 1 punto)

RECUPERACIÓN DA 2ª AVALIACIÓN

(mesma forma, instrumentos e cuantificación que a avaliación)

3ª AVALIACIÓN

Forma: TEST (8 puntos) + ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE (2 puntos) + LECTURA VOLUNTARIA (Mellora 1 punto)

RECUPERACIÓN DA 3ª AVALIACIÓN

(mesma forma, instrumentos e cuantificación que a avaliación)

PROBA FINAL

(para o alumnado que teña algunha das avaliacións suspensas)

-No caso dunha soa avaliación suspensa, recupérase so esa avaliación suspensa

Forma: Test 8p + Actividades de clase 2p.

-No caso de 2 ou 3 avaliacións suspensas recupérase toda a materia

Forma: Test 8p + 2 cuestións curtas sobre contidos impartidos ao longo do curso 2p. correspondentes e seleccionadas entre os contidos das 3 avaliacións.

· PROBA EXTRAORDINARIA

Forma: Test 8p + 2 cuestións curtas sobre contidos impartidos ao longo do curso 2p. correspondentes e seleccionadas entre os contidos das 3 avaliacións.

Criterios de recuperación:

PROBAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS DE RECUPERACIÓN

· RECUPERACIÓN 1ª AVALIACIÓN

Forma: TEST (8 puntos) + ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE (2 puntos) + LECTURA VOLUNTARIA (Mellora 1 punto)

· RECUPERACIÓN 2ª AVALIACIÓN

Forma: TEST (8 puntos) + ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE (2 puntos) + LECTURA VOLUNTARIA (Mellora 1 punto)

· RECUPERACIÓN 3ª AVALIACIÓN

Forma: TEST (8 puntos) + ACTIVIDADES ou TRABALLOS DE CLASE (2 puntos) + LECTURA VOLUNTARIA (Mellora 1 punto)

· PROBA FINAL

(para o alumnado que teña algunha das avaliacións suspensas)

-No caso dunha soa avaliación suspensa, recupérase so esa avaliación suspensa

Forma: Test 8p + Actividades de clase 2p.

-No caso de 2 ou 3 avaliacións suspensas recupérase toda a materia

Forma: Test 8p + 2 cuestións curtas sobre contidos impartidos ao longo do curso 2p. correspondentes e seleccionadas entre os contidos das 3 avaliacións.

· PROBA EXTRAORDINARIA

Forma: Test 8p + 2 cuestións curtas sobre contidos impartidos ao longo do curso 2p. correspondentes e seleccionadas entre os contidos das 3 avaliacións.

6. Medidas de atención á diversidade

Fomentar un proceso de aprendizaxe individualizalo a cada alumnado. Neste sentido as medidas de atención a diversidade son actuacións, estratexias e / ou programas destinadas a proporcionar resposta ás necesidades educativas do alumnado (artigo 7 decreto 229/2011, da lei orgánica 2/2006 de 3 maio).

ORDINARIAS:

1) Adaptación da xestión da aula as características concretas do grupo, favorecendo o acceso aos recursos e a convivencia.

2) Adecuación da programación ao alumnado e circunstancias do seu contorno. Logo de identificadas as barreiras (accesibilidade física, sensorial, cognitiva e emocional) deseñaranse actividades partindo dos principios do deseño universal de aprendizaxe para que as aprendizaxes sexan accesibles.

3) Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación ás circunstancias do alumnado, tales como, forma de comunicación co alumnado, secuenciación de tarefas, verificación da comprensión das tarefas, dispoñibilidade dos recursos tecnolóxicos, concesión do tempo necesario. Aplicaranse as propostas recollidas nos plans, proxectos, programas, guías e protocolos elaborados pola Consellería.

4) Aulas de atención educativa e convivencia. No caso de ser preciso derivar alumnado, o profesorado proporcionará as tarefas que debe realizar, que serán corrixidas e avaliadas.

5) Reforzo educativo. Posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades no progreso do alumnado.

6) Programas de enriquecemento curricular, se fose preciso, para o alumnado que presenta altas capacidades intelectuais.

EXTRAORDINARIAS.

Serán aplicadas cando as ordinarias sexan insuficientes ou se demostren esgotadas. Son casos nos que hai barreiras significativas para conseguir os obxectivos da aprendizaxe axeitadas ao seu desenvolvemento (atraso madurativo, transtornos do desenvolvemento relacionados coa linguaxe e/ou comunicación, descoñecemento da (s) lingua(s) de aprendizaxe, vulnerabilidade socio educativa ou polas altas capacidades entre outras).

(1) Flexibilización da duración do período de escolarización na etapa de bacharelato. Dirixido a alumnado con altas capacidades intelectuais ou alumnado con necesidades educativas especiais.

(2) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro. O docente coordinado polo profesorado titor e co asesoramento da xefatura do departamento de orientación, elaborará unha proposta de actividades educativas empregando medios telemáticos para a entrega, seguimento e avaliación e adoptará medidas que promovan a súa inclusión. En colaboración co titor e o departamento de orientación se fara unha planificación e desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e aprendizaxe.

Como dixemos, a avaliación inicial permitirá adaptar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

No proceso de avaliación promoverase o uso de instrumentos de avaliación variados, diversos, flexibles e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva do alumnado e garantan que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Proporáanse medidas de reforzo individualizadas mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para alumnado que presente dificultades coas competencias básicas. Todos eles dispoñibles a través da aula virtual.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos e alumnas.

Neste sentido para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas.

Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos. Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos. Nas actividades voluntarias especificadas na metodoloxía ofreceráanse este tipo de reforzos

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X

Observacións:

A materia de Psicoloxía como materia optativa no 2º curso de BAC é un instrumento clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Debe contribuir na súa afinidade co coñecemento filosófico a potenciar o espírito crítico do alumnado que lle permita adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón.

Deste xeito, como sinalamos nas distintas materias do departamento, nesta etapa educativa o alumnado contribúe activa e explícitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade. A educación emocional en valores democráticos, respectuosos coa diversidade e consciente da evitación de discriminacións (eurocentrismo, machismo, racismo...) cunha metodoloxía de traballo en grupos e por proxectos será a clave. A psicoloxía e a filosofía fundamentanse en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia.

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a conferencias que se programen no centro	Asistencia ás conferencias que se programen no centro sobre distintos aspectos sobre psicoloxía na adolescencia e outros aspetos que contribúan á formación en valores en sentido amplo. Asistencia ás conferencias que se programen no centro sobre distintos aspectos sobre psicoloxía na adolescencia e outros aspetos que contribúan á formación en valores en sentido amplo	X	X	X

Observacións:

-Visita ao CIMUS.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Non se adecua ao recollido/Adecuase en aspectos básicos pero non con completude/ Adecuase por completo ao recollido na PD
Metodoloxía empregada
Non se adecua ao cumprimento metodolóxico recollido/Adecuase en aspectos básicos pero non con completude/ Adecuase por completo ao recollido na PD
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
A organización da aula impediu un normal aproveitamento dos recursos/A organización e aproveitamento foi mínimo/A organización e aproveitamento foi correcto

Medidas de atención á diversidade
Non se aplicaron as medidas recollidas/Só se aplicaron algunhas das medidas recollidas. Engádese aptdo. cales/ Aplicáronse todas as medidas previstas na PD
Clima de traballo na aula
Non se acadou un mínimo clima de traballo que permitise un cumprimento dos obxectivos/Acadouse en ocasións un clima de traballo que permitiu o cumprimento dos obxectivos/ Acadouse na maioría das sesións un clima de traballo na aula que permitiu un correcto cumprimento dos obxectivos
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
A coordinación non existiu /Potenciouse en ocasións unha coordinación mínima advertindo carencias en eidos como (sinalar cales)/ Potenciouse con especial interese a coordinación co equipo docente e familias

Descrición:

Cada indicador valorarase nunha escala do 1 ao 3, indicando o 1 a menor consecución e o 3 a maior.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento a través da aplicación Proens dúas veces por avaliación para poder adiantarnos aos cambios no proceso de ensino aprendizaxe. Estes seguimentos faranse de xeito individual e poñeranse en común nas reunións de departamento. Neste seguimento terase en conta: 1. Dinámicas dos grupos e cumprimento de obxectivos, 2. Adecuación da secuenciación e temporalización por UD. 2. O grao de cumprimento do desenvolvemento das UD. 3. Propostas de mellora 4. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados